

PROBA COÑECEMENTO LINGUA GALEGA

En canto á tramitación ambiental, o artigo 14 da **Lei** 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que as comunidades autónomas dispoñerán o necesario para incluír as actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, cando así sexa **exixible**, no procedemento de **outorgamento** e modificación da autorización ambiental integrada.

O Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da **Lei** 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, estableceu un procedemento de coordinación para a tramitación ambiental daquelas instalacións que precisan **unha** autorización **substantiva** da Administración xeral do Estado e **ao** mesmo tempo necesitan dispoñer de autorización ambiental integrada para o seu funcionamento. Con todo, este **procedemento** resulta dificilmente aplicable a aqueles proxectos tramitados integralmente nas comunidades autónomas, **debido** á repartición de competencias establecida entre os distintos órganos administrativos.